

## 1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

### INSTRUCCIÓN:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPÓSTAS".
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPÓSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.  
  
Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPÓSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: [www.sergas.es](http://www.sergas.es), logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS  
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPÓSTAS  
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

**EXAME EN GALEGO**



1. De conformidade co artigo 3 da Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes, o consentimento informado prestado polo afectado para toda actuación no ámbito da súa saúde será:

- A) Verbal en casos excepcionais.
- B) Por escrito por regra xeral.
- C) Verbal nos procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.
- D) Por escrito nos casos de intervención cirúrxica, procedementos diagnósticos e terapéuticos invasores.

2. De conformidade co artigo 40 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, os postos de xefatura de servizo ou unidade de atención primaria de persoal licenciado sanitario, que non requiran dedicación exclusiva ás funcións de xefatura, serán provistos:

- A) Polo sistema de libre designación.
- B) A través do concurso de traslados.
- C) Polo procedemento de avaliación colexiada.
- D) Por concurso de méritos.

3. O artigo 3 da Lei 14/1986, Xeral de Sanidade, establece que os medios e actuacións do sistema sanitario estarán orientados prioritariamente a:

- A) A promoción do benestar social.
- B) A tutela das garantías e dereitos sanitarios.
- C) A promoción da saúde e a prevención das enfermidades.
- D) A asistencia sanitaria.

4. O artigo 43 da Constitución recoñece o dereito a:

- A) A saúde.
- B) A protección da saúde.
- C) A educación sanitaria.
- D) A educación sanitaria, a educación física e o deporte.

5. É función do Parlamento de Galicia, segundo o artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a seguinte:

- A) Exercer a potestade executiva da Comunidade Autónoma.
- B) Flixir ao vicepresidente da Xunta.
- C) Nomear e cesar aos Conselleiros.
- D) Controlar a acción executiva da Xunta.

6. Segundo o Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, cal das seguintes non constitúe unha causa de cese do persoal estatutario interino?:

- A) A incorporación á praza que desempeñe de persoal fixo, polo procedemento legal establecido.
- B) A amortización da praza.
- C) A incorporación á praza que desempeñe de persoal fixo, polo procedemento regulamentariamente establecido.
- D) O incumprimento inxustificable do horario ou xornada de traballo, cando non constituía falta grave.

7. De acordo co artigo 5 da Lei 55/2003, do Estatuto Marco, o persoal estatutario dos servizos de saúde clasifícase atendendo:

- A) A función desenvolta.
- B) Ao nivel do título esixido para o ingreso.
- C) Ao tipo do seu numeamento.
- D) Todas as respostas son correctas.

8. Segundo a Lei de Saúde de Galicia, en cantos distritos sanitarios se configura o sistema público de saúde de Galicia?

- A) 14
- B) 12
- C) 7
- D) 10

9. De acordo co artigo 20 do Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, as convocatorias para o acceso á condición de persoal estatutario fixo, naqueles supostos para os que non se esixa título académico ou profesional específico, poderán prever:

- A) A superación dun período formativo ou de prácticas, cuxa duración non poderá superar os tres meses.
- B) A superación dun período formativo ou de prácticas, cuxa duración non poderá superar os dous meses.
- C) A superación dun período formativo ou de prácticas, cuxa duración non poderá superar un mes.
- D) A superación dun período formativo ou de prácticas, cuxa duración non poderá superar os catro meses.

10. Para os efectos da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, os principios xerais que orientan o contido da lei son:

- A) Consideración da violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, carácter integral, perspectiva de xénero, victimización secundaria, equidade territorial.
- B) Consideración da violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, carácter integral, perspectiva de xénero, victimización secundaria, cooperación e coordinación.
- C) Consideración da violencia de xénero como unha forma extrema de desigualdade, carácter integral, perspectiva de xénero, victimización secundaria, cooperación e coordinación, equidade territorial.
- D) Carácter integral, perspectiva de xénero, victimización secundaria, cooperación e coordinación, equidade territorial.

**1. Segundo o artigo 10 da Lei 14/86, Xeral de Sanidade, todos teñen os seguintes dereitos con respecto ás distintas Administracións Públicas sanitarias:**

- A) A que se lle asigne un médico, cuxo nome se lle dará a coñecer, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial.
- B) A participar, a través das institucións comunitarias, nas actividades sanitarias, nos termos establecidos nesta Lei e nas disposicións que a desenvolvan.
- C) Ao respecto a súa personalidade, dignidade humana e intimidade, sen que poida ser discriminado pola súa orixe racial ou étnica, por razón de xénero e orientación sexual, de discapacidade ou de calquera outra circunstancia persoal ou social.
- D) Todas as respostas son correctas.

**2. De conformidade co artigo 18 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, constitúe un dereito colectivo do persoal estatutario:**

- A) O dereito á mobilidade voluntaria, promoción interna e desenvolvemento profesional.
- B) O dereito á percepción puntual das retribucións e indemnizacións por razón do servizo.
- C) O dereito á negociación colectiva, representación e participación na determinación das condicións de traballo.
- D) O dereito ao encadramento no réxime xeral da Seguridade Social, cos dereitos e obrigas que diso se derivan.